

PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
21.07.2022	Sala "Cloud" Centro de Investigacións en Tecnoloxías da Información e as Comunicacións da UDC Campus de Elviña s/n, 15071 A Coruña – España	17:30 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL: D. Antonio Abril Abadín.</p> <p>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA: D. Julio Abalde Alonso, Reitor. D. Carlos Aymerich Cano, Secretario Xeral. D. Ramón del Valle López, Xerente.</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA: D.ª Alicia Cantarero Roldán. D. Salvador Naya Fernández.</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA:</p> <p>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA: D.ª Mar Barcón Sánchez. D.ª Inmaculada Rodríguez Cuervo.</p> <p>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA: D.ª María Luisa Cid Castro. D. Gonzalo Ortiz Amor. D. José Luis Veiga Castilblánquez. D. Telesforo Veiga Rial.</p> <p>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS: D.ª María José Calvo Orgeira.</p> <p>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS: D.ª Clara de Lorenzo Rodríguez. D. Antonio Fontenla Ramil. D.ª María Teresa Valdés Blanco-Rajoy.</p> <p>E) DESIGNADOS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS: D. Jesús Javier Celemín Santos.</p> <p>F) DESIGNADOS POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS: D. Jose María Arrojo Fernández.</p> <p>G) MEMBROS REPRESENTADOS MEDIANTE DELEGACIÓN: D. Emilio Bruquetas Serantes.</p>		

SECRETARIO:

D. Jaime Fernández- Obanza Carro.

INVITADOS:

D. Domingo Calvo Dopico, Vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica.

D. Juan José Gómez Romero. Xerente da Fundación da Universidade da Coruña.

D.ª Nancy Vázquez Veiga. Vicerreitora de Planificación Académica e Innovación Docente.

ACORDOS ADOPTADOS

- Acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno de 17 de marzo de 2022.

- Informe sobre o proxecto de Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU) aprobado polo Consello de Ministros, o 21 de xuño de 2022, para a súa tramitación parlamentaria polo procedemento de urxencia.

- Acórdase aprobar a memoria do Consello Social correspondente ao exercicio 2021.

- Acórdase aprobar as contas da Fundación Universidade da Coruña correspondentes ao exercicio 2021.

- Acórdase aprobar a modificación dos Estatutos da Fundación Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e as Comunicacions de Galicia.

- Informe da Universidade sobre o nivel de execución orzamentaria no primeiro semestre de 2022.

- Informe da Universidade sobre o fondo de eficiencia e mellora estratéxica (Plan de Financiamento 2022-2026).

- Informe da Universidade sobre a incorporación da Universidade de Santiago de Compostela á Agrupación de Interese Económico SIGMA.

- Acórdase informar favorablemente o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2022/2023.

- Acórdase informar favorablemente a implantación dos seguintes títulos oficiais: Máster Universitario en Biofabricación, Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica, Máster Universitario en Criminoloxía, Máster Universitario en Ensino do Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua, Máster Universitario en Fabricación Aditiva, Máster Universitario en Internet das Cousas – IoT, Máster Universitario en Vehículos Autónomos, Máster Universitario en Xestión da Experiencia do Cliente e o Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga.

- Acórdase informar favorablemente a modificación dos seguintes títulos oficiais: Grao en Náutica e Transporte Marítimo, Máster Universitario en Ciberseguridade, Máster Universitario en Planificación e Xestión de Destinos Turísticos e o Programa de Doutoramento en Ciencias da Saúde.

- Acórdase informar favorablemente a solicitude da Universidade relativa á aprobación do Centro de Investigacións Tecnolóxicas Navais e Industriais (CITENI), por transformación do Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT), como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia, ao abeiro do previsto no art. 8.3 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do Sistema universitario de Galicia (DOG nº 68, de 13 de abril de 2021).

- Acórdase informar favorablemente a solicitude da Universidade relativa á aprobación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil (CITEEC), como Centro de Investigación do Sistema Universitario de Galicia, ao abeiro do previsto no art. 8.3 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do Sistema universitario de Galicia (DOG nº 68, de 13 de abril de 2021).

- Acórdase aprobar o complemento retributivo autonómico de recoñecemento polos cargos de xestión a profesores da UDC (Convocatoria 2021).

- Acórdase aprobar o complemento retributivo autonómico de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora aos profesores da UDC (Convocatoria 2021).

- Acórdase aprobar a doazón a Universidade da Coruña do Fondo Distrito Mineiro da Coruña e Fondo Isidro Parga Pondal

-Informe da Universidade sobre os convenios aprobados en Consello de Goberno.